CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Recoñecer e expresar necesidades de aprendizaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re - Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers - Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas. - Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
13	If we respect	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Identificar o tema e as ideas xerais nos textos.	PE	40
CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Identificar o tema e información xeral do texto escrito ou oral.		
CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Estructurar textos cohesionado nas ideas, aínda con faltas na expresión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Estructurar textos cohesionado nas ideas, aínda con faltas na expresión.		
CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Identificar o tema e as ideas xerais nos textos.		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	Elaborar ideas básicas e intelixibles da súa propia opinión.		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Participación na aula de modo autónomo e intención colaborativa.	TI	60
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Participación na aula de modo autónomo e intención colaborativa.		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Elaboración dun discurso intelixible para transmitir unha idea básica.		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Expresar, con axuda, mensaxes sinxelos e coñecidos da súa contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Empregar a lingua materna de xeito comparativo autonomamente.		
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Elaborar presentacións sinxelas de temas coñecidos e duración breve.		
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Recoñecer e expresar necesidades de aprendizaxe.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.

Contidos

- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o existiro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente e referentes, na medida do posible, á realidade vital e contextual do alumnado. Do mesmo xeito, tentarase flexibilizar ao máximo os criterios de avaliación para favorecer, a través dunha metodoloxía adaptada ao máximo ás necesidades persoais de cada persoa, a consecución dos logros mínimos de cada unidade.

Finalmente, as tres primeiras unidades didácticas son transversais xa que o tratamento da información e a comprensión e expresión oral e escrita na aprendizaxe das linguas deben ser traballadas ao longo de todo o curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Textos variados en diversos formatos (orais, escritos ou multimodais).
Ferramentas TIC.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Materiais de investigación e consulta.
Recursos audiovisuais en inglés auténticos.
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado.
Blogue do docente.
Novelas históricas, gráficas, cómics...
Material funxible.
EDixgal.
Mapas xeográficos e históricos.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica do ámbito debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación e contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais ou e grupo que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, empregaranse diversos materiais e recursos dixitais ou en formato tradicional elaborados polo docente. O uso de textos en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito e, finalmente, as ferramentas informáticas serán imprescindibles para alcanzar os obxectivos propostos.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

Finalmente, o uso das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

Non debemos esquecernos do GoogleClassroom pois, ademais de ser un medio idóneo de conexión e comunicación entre o docente e o alumnado, permite, grazas ás ferramentas que contempla, deseñar diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en probas orais e escritas de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos, gramaticais, literarios, de comprensión de textos e expresións escritas e, pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis lúdica e oral que nos permita coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen dos distintos ámbitos, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe.

Así mesmo, contéplase a proba inicial ou diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai a abordar para, partindo destes, seguir construíndo os seus saberes.

Tamén facilita información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realice algunha proposta didáctica para abordar a unidade.

Do mesmo xeito, o docente poderá detectar as posibles confusións e incorreccións que os/as escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Estas probas iniciais por unidade consistirán, segundo a ocasión, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro ou falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización de pequenos audiovisuais, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	20	8	8	9	2	3	5
Proba escrita	30	0	52	35	55	70	90	40	38	40
Táboa de indicadores	70	100	48	65	45	30	10	60	62	60

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	100
Proba escrita	40	40	40	43
Táboa de indicadores	60	60	60	57

Criterios de cualificación:

Debemos ter en conta o carácter modular deste curso á hora de avaliar, pois iso significa ter que integrar as disciplinas que conforman o ámbito; considerando, ademais, o carácter transversal dalgunhas das unidades, o que supón que van ser examinadas nos tres trimestres; e todo isto dentro dun proceso de avaliación continua.

Conforme ó anterior, as primeiras tres unidades didácticas teñen un carácter trasversal e serán abordadas ó longo de todo curso, polo que a súa avaliación tamén será transversal; é dicir, terán consideración nes tres trimestres tendo en conta os criterios establecidos para cada unha delas. As unidades 4, 5 e 6 avaliaranse no primeiro, segundo e terceiro trimestre respectivamente e a unidade 7, máis específica de Ciencias Sociais, abordarse e avaliarase nas dúas últimas.

En resumo, no primeiro trimestre, avalíase a parte proporcional das tres primeiras unidades e a cuarta; o segundo trimestre avalíase a parte proporcional das primeiras unidades, e unidade 5 e a parte correspondente da unidade 7 e por último, no terceiro trimestre, avalíase a parte proporcional das tres primeiras unidades, a unidade 6 e o restante da unidade 7. Este sistema de avaliación permítenos integrar os contidos e os criterios de avaliación das diferentes materias impartidas no ámbito de xeito unificado.

A avaliación estará adaptada ás necesidades e a evolución de cada alumno.

Instrumentos e porcentaxes para a avaliación:

Teranse en conta dous aspectos:

- O traballo na aula (realización de tarefas, respecto á materia e ós membros da comunidade educativa e traer o material necesario), así como os traballos escritos ou orais que deben realizar fora do horario lectivo. Este apartado suporá o 60% da nota.

- Probas escritas (probas de preguntas a desenvolver, relacionar, completar o tipo test): Suporá o 40% da nota final. Nas probas escritas, sempre se especificará valor de cada pregunta e farase a media das probas que se realizaron por avaliación. No tocante ós traballos, establense unhas rúbricas que describen diferentes niveis de calidade dunha tarefa. Para a súa cualificación, considerárase a media en base ós parámetros determinados: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4. Polo tanto a nota da avaliación será o resultado da seguinte ponderación

Cualificación do Ámbito Sociolingüístico: 75%

Cualificación de Lingua inglesa: 25%

Aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa igual ou superior a 5 irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. O ámbito cualificarase de forma numérica en números enteiros nunha escala de 1 ao 10. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

En canto á avaliación final de curso, esta vai calcularse segundo a ponderación das unidades por trimestre, polo tanto será o resultado de: Nota final do curso: $[(\text{nota } 1^{\text{a}} \text{ av.} \times 30 + \text{nota } 2^{\text{a}} \text{ av.} \times 30 + \text{nota } 3^{\text{a}} \text{ av.} \times 40)] / 100$.

Tras a realización dos cálculos, o alumno que non chegue a 5 terá que presentarse a unhas probas extraordinarias en xuño dos contidos das tres avaliacións. Neste examen final pediranse os mínimos esixibles que non foron acadados. Novamente terá que ter máis dun 5 para obter un aprobado no ámbito.

Durante este período de tempo farase actividades de repaso e reforzo dos contidos estudados ó longo do curso. Revisaranse os cadernos, traballos de aula, para comprobar que están feitos. De non ser así completaranse durante este período e deberán presentarse antes do exame final.

Na materia de inglés, os criterios de cualificación dividiránse da seguinte maneira: 1 proba por unidade (40%) + Traballo de aula (20%) + Traballos asignados individuais ou grupais (30%) + Presentacións voluntarias (10%). Valorarase positivamente a avaliación a partir de 5 e o redondeo aplicarase á alza a partir de 5.

Ao considerarse unha avaliación continua, tras da 1ª avaliación, as notas da 2ª e 3ª avaliación dividiránse do seguinte xeito: 80% da avaliación en curso + 20% da 1ª AV para o 2º trimestre, e 2ª AV para o 3º trimestre.

Criterios de recuperación:

Para a organización do final do curso o alumnado poderase atopar nunha das seguintes tres situacións. En calquera delas o alumnado non poderá ver como se reduce a cualificación. No 12 de xuño as familias serán informadas.

1. Alumnado co cualificación máxima, recibirá materiais de ampliación.
2. Alumnado aprobado. Realizará unha proba multinivel sobre os contidos traballados ao longo do curso na que poderán subir un máximo dun punto e nunca baixar a cualificación previa.
3. Alumnado suspenso. Realizará unha proba sobre os contidos mínimos da materia que lle permitan superala.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o/a alumno/a deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Segundo o indicado, o alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación.

O alumnado, guiado polo docente, irá elaborando e traballando as preguntas e exercicios correspondentes a cada trimestre e realizará unha proba escrita trimestral segundo convocatoria oficial marcada en data polo centro. A nota da avaliación será o resultado da ponderación do 50% o exercicio escrito e 50% o traballo presentado e implicación do alumnado nas tarefas que se lle encomendan que será cuantificado segundo rúbricas:

Nota da avaliación = $[(\text{nota exame} \times 50) + (\text{nota traballo} \times 50)] / 100$.

A cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter o ámbito aprobado. Establécese un sistema de redondeo tendo en conta que se o decimal é superior a 5 será á alza e será á baixa cando o decimal sexa inferior a 5. Se non aprobara o exame, realizaríase unha recuperación segundo estableza o docente.

A nota final de curso da materia pendente será o resultado da media dos exames escritos realizados durante o curso, polo tanto:

Nota final de curso: $(\text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ Av.} + \text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ Av.} + \text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ Av.}) / 3$.

No caso de ser negativa, deberá presentarse á proba extraordinaria establecida polo centro.

No caso da materia de inglés, o plan de recuperación de materias pendentes establece un dobre modo de recuperación da materia. Por unha parte, ao 50% do traballo específico entregado ao alumnado polo persoal docente, haberá que suamlle outro 50% resultado dun exame único na 1ª e 2ª avaliación. Deste xeito, aprobando este proceso en calquera de ambas avaliacións considerarase superada a materia pendente. No caso de non alcanzar o aprobado, terá unha oportunidade extra a final de curso nun exame único. Por outra banda, no caso de aprobar a 1ª ou 2ª avaliación, e independentemente do plan de recuperación, darase por superada a materia pendente a recuperar.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Dacordo co especificado na Orde 156/2022 Art. 25, a permanencia nun ano máis nun curso de diversificación curricular adoptárase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.2 - ODS.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.6 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.9 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	
ET.10 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Educación para a Igualdade.					
ET.2 - ODS.					
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.					
ET.4 - Comprensión lectora.					
ET.5 - Expresión oral e escrita.					
ET.6 - A comunicación audiovisual.					
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.					
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.					
ET.9 - Educación emocional.					
ET.10 - A creatividade.					

Observacións:

Todos estes elementos transversais serán abordados ao longo do curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación emocional e a comunicación audiovisual, os prexuízos lingüísticos e o fomento do espírito crítico serán traballados en todas as unidades didácticas debido ao carácter do ámbito.

O resto dos elementos transversais serán traballados de forma coordinada con contidos máis específicos e a través de proxectos, como por exemplo, o Proxecto de Igualdade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros literarios.	Actividades en colaboración coa biblioteca do centro levados a cabo en certas conmemoracións coma o Día do Libro ou nas Letras Galegas.	X		
Escape rooms.	Actividades para celebrar diferentes conmemoracións coma o Día da Poesía ou o Día de Rosalía.	X		
Rueiros históricos.	Interdisciplinar. Realización de excursións ás diferentes partes históricas da cidade ou vila.			X
Charlas e conferencias.	Interdisciplinar. Asistencia a conferencias e charlas de interese histórico, literario, artístico.		X	
Visita a Museos, Arquivos, Bibliotecas.	Interdisciplinar. Posibilidade de facer unha visita en cada avaliación.		X	
Visita a centros empresariais, fábricas...	Coñecemento da contorna.			X

Observacións:

Todas elas axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe. Permiten a socialización, a creatividade e descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais de saír da rutina.

O desenvolvemento destas actividades conleva tres fases:

- Unha preparación previa.
- Un procedemento durante a mesma na que o alumnado sobre un cuestionario que se lle ofreceu debe ir recollendo os datos.
- Unha terceira fase consistente no feed-back na clase para comprobar o adquirido.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.
Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propondo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspena.

Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

9. Outros apartados